

“Sentiámo-los mozos que entón principiábamos a nos interesar pola literatura, un noxo fondo e forte por tódolos problemas que xa naquel tempo facían pendurar sobre do peito as testas dos homes serios.”

“Dos nosos tempos”, revista *Nós*, núm. 1 (1920)

“Coñecino en outubro do ano 1931, cando el presidía a sección de etnografía e folclore no Seminario de Estudos Galegos. Máis tarde trateino moito e só podo falar ben del. Era un empregado de Facenda que facía favores a todo o mundo; en Galaxia publicámoslle un libro, *Prosas galegas*, sobre artigos que foi publicando en diversas revistas.”


Francisco Fernández del Riego

# FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS

(Ourense, 1886 - 1958)

Foi un historiador, escritor, antropólogo e arqueólogo galego que tomou parte nas Irmandades da Fala, na Xeración Nós e no Seminario de Estudos Galegos, do que foi o encargado da sección de Prehistoria. Na súa obra destacan os seus traballos de investigación histórica e arqueolóxica, aínda que tamén cultivou a prosa e o ensaio literario, que representou un exemplo de emprego e dignificación do galego no campo científico.


## GRANDES ÉXITOS



1920

*Dos nosos tempos* (1920) é un artigo publicado no primeiro número da revista *Nós*, no que describe a situación do grupo e a súa transcendencia para a nosa cultura. Cuevillas colaboraría asiduamente nesta publicación tratando diversos temas, sempre vencellados a Galicia.

*Prosas galegas, 1920-1958* é unha compilación de traballos que xa saíran noutros medios. Publicada en 1962 de xeito póstumo, nesta escolma recóllense ensaios de temática variada e tamén narracións coma “O trasno da vila”.



1962

Outras das súas obras son *Cómo nasceu a cidade de Ourense*, *A mansión de Aquis Querquernis* e *A Edade do Ferro na Galiza*.

